

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE GREGO

CURSO 2022 – 2023

IES SAN PAIO (TUI)

PROFESOR: LAUREANO ALONSO ÁLVAREZ

O profesor Laureano Alonso Álvarez, xefe do Seminario de Grego do IES San Paio, impartirá a asignatura de Grego ao longo do curso 2022-23 nos seguintes grupos e niveis

- Grego en 2º de Bacharelato Humanístico

Os alumnos non empregarán libro de texto ao longo do curso, agás a Gramática de Grego de Berenguer da que selles facilitarán partes concretas pero manexarán o Dicionario Grego-Español/Español-Grego en 2º de Bacharelato .

A presente programación está pensada e prantexada para una asistencia presencial, pero dadas as circunstancias do Covid-19, tamén haberá que contemplar por iso nesta programación o uso de ferramentas multimedia para poder seguir as clases de xeito telemático durante algúns días e determinados alumnos. A aula virtual será a ferramenta habitual na que se incluírán tódolos contidos e os exercicios que se vaian facendo na clase e que lles permitirán aos alumnos seguir o curso con normalidade. Nos cursos pasados xa nos vimos obrigados a usar esta ferramenta e outras como o correo electrónico para poder comunicarnos posto que ás veces os medios dixitais non están ó alcance de tódolos alumnos e alumnas da bisbarra, tanto por problemas de índole particular como especialmente pola falta de conexión e velocidade axeitada de internet no ámbito rural.

Cando se teña que recurrir á aula virtual do Ies San Paio, os exercicios prantexados serán os que formen parte da programación de cada curso, ou en calquera caso os exercicios de reforzo que se poidan introducir na plataforma serán os acaídos para cada nivel, conforme o xa traballado na aula.

GREGO 2º BACHARELATO

LIBROS DE TEXTO

BERENGUER AMENOS, Jaime: Gramática Griega

1. OBXECTIVOS XERAIS

1. Adquirir un bo recoñecemento e dominio da morfosintaxe e do léxico grego aplicándoos á tradución, interpretación e análise de textos gregos adaptados e orixinais, dun nivel de complexidade intermedia, servíndonos como elemento auxiliar o dicionario.

2. Recoñecer e interpretar os principais formantes gregos presentes no vocabulario das linguas empregadas e coñecidas polos alumnos/as, contribuíndo, deste modo, a mellorar o seu nivel de expresión oral e escrita.

3. Interpretar textos literarios, históricos e filosóficos, orixinais e traducidos, de gradual complexidade, captando a súa estrutura e o esencial do seu contido conceptual e utilizándoos tamén ás veces como apoio para poñer en práctica os coñecementos gramaticais

4. Utilizar os textos e os documentos de autores gregos e modernos como fonte de información principal para o coñecemento do mundo grego antigo, á vez que como vehículo para apreciar os seus valores éticos, estéticos e políticos.

5. Desenvolver nos alumnos/as as técnicas fundamentais do traballo intelectual e científico, sobre todo as máis afíns ao terreo das humanidades, mediante o comentario e o uso crítico de documentos, bibliografía, etc.

6. Relacionar os contidos da materia de Grego cos de outras materias afíns dentro do terreo das humanidades.

7. Apreciar os valores máis característicos do mundo grego como un dos pilares sobre os que se fundamenta a nosa actual sociedade occidental.

8. Desenvolver o sentimento de pertenza ao proxecto común de futuro que chamamos Europa, que trata de vertebrar política, económica e socialmente unha diversidade de pobos que comparten unhas orixes comúns.

2. CONTIDOS

CONCEPTOS

Unidade 1:

Terceira declinación.

Os pronomes posesivos. O relativo.

Voz media e voz pasiva

O deporte. Hermes. Pervivencia do mito.

Olimpia.

Unidade 2:

O adxectivo: esquema xeral.

As conxuncións coordinadas.

Os verbos contractos.

A reduplicación.

Verbos cun réxime especial.

As festas. Dioniso. Pervivencia do mito.

Atenas.

Unidade 3:

O participio .

O aoristo radical.

O aumento nos verbos compostos.

Unidade 4:

Traducción de textos de Xenofonte

Helenismos e raíces gregas

Unidade 5:

Traducción textos Platón

Lectura textos prpostos CIUGA

Estes contidos ordénanse segundo as tres seccións máis importantes en que se divide cada unidade: pervivencia do mito, lingua grega e Grecia nos seus textos (presentadas conxuntamente) léxico grego e viaxe por Grecia

Pervivencia do mito:

Elaboración de mapas do mundo grego antigo (Península Helénica, costas occidentais de Asia Menor, illas do Exeo e área mediterránea en xeral) para situar neles os seus principais ámbitos xeográficos e as polis máis importantes.

Elaboración de mapas de Europa e o mundo onde se sitúen as principais linguas indoeuropeas.

Elaboración de mapas do mundo grego antigo para situar neles os seus principais dialectos.

Elaboración de eixes cronolóxicos para situar os principais acontecementos da historia grega.

Comparación entre as institucións políticas gregas, romanas e actuais.

Comparación entre a organización social e económica grega, romana e actual.

Comparación entre aspectos diversos da vida cotiá grega, romana e actual.

Comparación entre a arte grega e romana e a súa pervivencia na época actual (tanto nos restos arqueolóxicos como nas manifestacións artísticas modernas).

Lengua Grega e Grecia nos seus textos:

Identificación dos principais fonemas e signos ortográficos da lingua grega, en comparación coas linguas que empregan ou coñecen os alumnos/as.

E exercicios de transcripción de palabras gregas ás linguas empregadas normalmente polos alumnos/as.

E exercicios de declinación de substantivos, adxectivos e pronomes gregos.

Flexión completa de verbos gregos nos tempos e modos máis habituais.

Análise e tradución de formas nominais, pronominais e verbais illadas que aparezan nos textos obxecto de tradución.

Iniciación ao manexo do dicionario e á técnicas de tradución.

Elaboración e aprendizaxe dun léxico mínimo, de alto índice de frecuencia, a partir dos textos adaptados e orixinais de autores gregos traducidos (sobre todo, prosistas, dramaturgos e algún poeta, pertencentes ao períodos clásico e helenístico).

Utilización dos textos gregos, traducidos ou non, como fonte de información para coñecer o contexto histórico, social e cultural no que xurdiron.

Léxico grego:

Identificación de prefixos e sufixos de orixe grega nas linguas modernas, con especial atención ás coñecidas polos alumnos/as.

Recoñecemento da procedencia grega de termos das linguas propias dos alumnos a partir da identificación dos seus formantes, tomando como base o léxico mínimo aprendido a partir do traballo de tradución dos textos.

Elaboración de listas de palabras nas linguas propias dos alumnos/as a partir dos formantes gregos estudados na unidade.

Formación de familias de palabras, tanto en grego como nas linguas propias dos alumnos/as, a partir dos termos estudados na unidade.

Estudo dos principais campos semánticos gregos, relacionados cos temas de civilización mais significativos estudados nas diversas unidades, e dos termos derivados destes e presentes nas linguas propias dos alumnos/as.

Comprensión de conceptos procedentes do vocabulario científico e valoración da súa orixe.

Viaxe por Grecia

Viaxe polas diferentes cidades gregas con apoio de imaxes e textos.

Inclúe sugerencias e actividades de ampliación con referencias a libros, películas, CDROM e enderezos de Internet.

ACTITUDES

Como no apartado anterior, ordenaranse de acordo coas tres seccións máis importantes nas que se estruturan as unidades:

Pervivencia do mito e viaxe por Grecia:

Aprecio polas diversas manifestacións históricas, sociais e culturais que xurdiron no mundo grego como un dos pilares fundamentais da nosa actual civilización occidental.

Desenvolvemento da sensibilidade estética ante as realizacións artísticas do mundo grego, así coma a valoración e consideración cara ao patrimonio artístico e cultural herdado.

Valoración dos logros do mundo grego nos máis diversos ámbitos da sociedade, as institucións, a cultura, a arte ou a ciencia en comparación cos niveis acadados neses mesmos ámbitos nos nosos tempos.

Interese por dominar as técnicas do traballo científico e intelectual aplicado á área das humanidades, e máis en concreto as técnicas do traballo de grupo, polo papel que van desempeñar na maduración persoal e profesional dos alumnos/as.

Lingua Grega e Grecia nos seus textos:

Interese e respecto pola cultura grega, sobre todo a través das súas manifestacións escritas, como demostración do noso interese e respecto cara aos que son diferentes a nós.

Valoración da lingua grega como referente para afondar e comprender outras culturas e formas de pensamento e do saber.

Interese por dominar a morfosintaxe e o léxico fundamental dos textos gregos traducidos, así coma do diccionario, instrumento necesario de consulta en calquera exercicio de tradución.

Interese por reproducir na propia lingua o contido dun texto grego.

Léxico grego:

Interese por coñecer as raíces gregas do léxico da lingua propia.

Valoración do léxico como o medio máis importante para desentrañar o contido dun texto, así coma a intencionalidade do seu autor.

Valoración da lingua grega como instrumento para comprender outras culturas e formas de pensamento.

3. CONTIDOS MÍNIMOS

CONTIDOS GRAMATICAIS

1. Lectura correcta de textos sinxelos.
2. Perfecta declinación de substantivos e adxectivos da primeira e da segunda declinación.

3. Análise e traducción de oracións nominais, oracións co verbo copulativo e con verbos puros non contractos en calquera tempo de indicativo.

4. Declinar calquera substantivo ou adxectivo da terceira declinación.

5. Conxugar verbos puros contractos e consoánticos.

6. Identificar e traducir correctamente os pronomes persoais, posesivos, demostrativos.

7. Traducción de oracións coordinadas.

8. Correcta transcripción de palabras gregas ao latín, ao castelán e ó galego.

9. Identificar os distintos tipos e tempos dos verbos en $\epsilon\phi\omicron\chi$.

10. Identificar os aoristos segundos ou fortes.

11. Traducción de pequenos fragmentos de autores gregos.

CONTIDOS CULTURAIS

1. Xeografía de Grecia e coñecemento das fases principais da súa historia.

2. Orixe do mundo, dos deuses e do home na mitoloxía grega.

3. Os deuses olímpicos.

4. Vida cotiá en Grecia

5. Correcta transcripción de palabras gregas ó latín, ó castelán e ó galego.

6. Algunhas nocións de etimoloxía.

4. TEMPORALIZACIÓN

PRIMEIRO TRIMESTRE

GRAMATICA UNIDADES 1 – 2

Repaso gramatical Marco xeográfico. Mitoloxía.

SEGUNDO TRIMESTRE

GRAMATICA UNIDADES 3-4

Iniciación a traducción textos Xenofonte.

TERCEIRO TRIMESTRE

TEMA 5

Traducción textos de Xenofonte e práctica de exames da ABAU

OBSERVACIÓNS 1. Cada tema inclúe etimoloxía.

2. Ao final do primeiro trimestre película AS Troianas.

3. Lectura obrigatoria Aristófanes

4. Elaboración dunha ficha sobre o libro cos apartados seguintes: época e autor, tema (5-10 líneas), resumo, sinopse sobre os personaxes principais, opinión persoal. Extensión máxima 3 follas.

5. AVALIACIÓN

AVALIACIÓN INICIAL

Na segunda semana de outubro os alumnos/as realizarán unha proba de avaliación inicial que non terá repercusión nas súas cualificacións e que consistirá en un cuestionario sobre gramática grega e cultura xeral sobre Grecia.

AVALIACIÓN CONTINUA

Realizaranse dous exames ao longo do trimestre valorados sobre 10 ptos. A entrega do traballo sobre o libro *As nubes* será conditio sine qua non para aprobar a materia.

A avaliación é continua: aprobar unha avaliación significa aprobar as anteriores e polo contrario se se suspende a derradeira avaliación será necesario acudir á convocatoria extraordinaria de setembro.

Anotaranse os avances ou retrocesos do alumno/a con respecto aos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios que expoñemos a continuación son de tipo xeral e responden ós obxectivos e aos contidos expostos:

1. Ler con corrección textos gregos breves e orixinais, transcribir termos gregos á lingua materna, recoñecer e empregar correctamente os diferentes signos ortográficos e de puntuación.
2. Identificar prefixos e sufixos de orixe grega e recoñecer as regras de composición e derivación.
3. Recoñecer formas nominais, pronominais e verbais segundo os modelos e paradigmas estudados nas diferentes unidades.
4. Recoñecer a estrutura sintáctica dun texto, identificando correctamente as oracións que nel aparecen.
5. Traducir con soltura á lingua materna textos gregos adaptados e orixinais relacionados cos contidos gramaticais e lingüísticos vistos nas distintas unidades, utilizando o léxico fundamental aprendido ou, no caso de palabras de escasa frecuencia, do dicionario.
6. Traducir ao grego frases españolas sinxelas que respondan aos contidos gramaticais e lingüísticos fundamentais vistos nas diversas unidades, utilizando para isto o léxico grego aprendido.

7. Extraer o senso global de textos de diferentes xéneros literarios, presentados en traducións fiables, diferenciando as ideas principais das secundarias, recoñecendo a posible vixencia dos seus formulamentos e dos coñecementos que achegaron ó mundo de hoxe

8. Situar no tempo e no espazo os feitos históricos mais importantes de Grecia, identificando os seus principais manifestacións culturais e recoñecendo a súa pegada na nosa civilización

9. Integrar os coñecementos acadados en pequenos traballos de investigación sobre aspectos diversos do mundo grego ou comparando a época grega clásica con Roma e a actual, empregando para isto diversas fontes de información.

10. Participar activamente en intervencións orais para expresar e recabar información e dar opinións.

11. Valorar expresamente o sentido crítico e a orixinalidade demostrados polo alumno/a ao analizar os textos de autores gregos ou especialistas modernos no tema que se lle propoñen.

12. Valorar a capacidade demostrada polo alumno/a para percibir o influxo grego nas institucións e os modos de vida da época actual.

INSTRUMENTOS E PORCENTAXE DE VALOR DE CONCEPTOS, PROCEDEMENTOS E ACTITUDES

1. Realizaranse dous exames ao longo do trimestre valorados sobre 10 pts.

2. A entrega do traballo sobre o libro será conditio sine qua non para aprobar a materia.

3. A nota da avaliación será a media das notas destas probas 80% matizada coas observacións sobre o traballo e actitude na clase e a realización das tarefas que se encargan para facer na casa 20%.

AVALIACIÓN FINAL

A avaliación é continua: aprobar unha avaliación significa aprobar as anteriores e polo contrario se se suspende a derradeira avaliación será necesario facer exercicios de recuperación cara ó exame final de xuño.

Contribuirá a levar a cabo unha correcta avaliación a observación do profesor/a na aula e control dos traballos dos alumnos/as a través da revisión periódica dos seus cadernos. É

conveniente tamén facer algunha proba específica despois de cada unidade para poder seguir o proceso da aprendizaxe en cada momento. Pero as probas, controis ou exames non constitúen por si mesmos a avaliación senón que son algúns dos instrumentos que serven ao proceso avaliador. O profesor/a levará un rexistro persoal de cada alumno/a donde deixará constancia das aprendizaxes acadadas e dos traballos individuais e de grupo.

Anotaranse os avances ou retrocesos do alumno/a con respecto aos contidos conceptuais, procedimentais e actitudinais.

6. ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN/REFORZO/APOIO.

Dado que o número de alumnos é moi pequeno (2) penso que non vai ser necesaria ningunha medida especial de reforzo ou apoio na asignatura propiamente dita. O seguimento é diario e ademais personalizado e no caso de que un alumno/a precise reforzo, proporcionaráselle unha explicación máis detallada ou algúns exercicios de reforzo.

Sen embargo vai ser preciso ter ben asegurado o seu coñecemento da gramática castelá ou galega de tal xeito que poidan seguir a bó ritmo as explicacións na aula.

7. METODOLOXÍA

1. Proporcionar ao alumno/a aos conceptos en morfosintaxe grega suficientes para que poida enfrontarse a textos gregos de maior complexidade. O feito de empregar unha linguaxe directa e fácil de comprender axudará ós alumnos/as a asimilar mellor os conceptos gramaticais básicos. A este mesmo fin contribuirá a utilización dun método progresivo, inspirado no das linguas modernas, que irá desenvolvendo os coñecementos dende os máis sinxelos aos máis complexos. Facilitaráselles tamén a adquisición destes coñecementos o emprego de cadros explicativos ao final de cada epígrafe.

2. A obriga que terán os alumnos/as de aprender o vocabulario empregado nas actividades garantiranos unha aprendizaxe de palabras gregas suficiente coma para que poidan enfrontarse a textos gregos de complexidade maior e, sobre todo, orixinais.

3. Axudar ao alumno/a a identificar os elementos léxicos gregos máis productivos na nosa lingua e na maioría das linguas modernas. Como sabemos, a maioría das palabras gregas presentes nas linguas modernas chegaron por vía culta —ademais dun importante número

que foron adaptadas e introducidas a través do latín—, polo que, se logramos que o alumno/a se familiarice con elas, aprenda a recoñecelas e a empregalas no seu contexto adecuado, estaremos contribuíndo a aumentar a súa competencia no terreo léxico, algo que mellorará o seu nivel de expresión oral e escrita nas linguas que empregue ou coñeza.

4. A información que proporcionamos sobre historia grega, institucións, vida cotiá, sociedade, etc. procede de documentos de autores gregos traducidos —xunto a especialistas modernos no tema—, cunha estrutura e contido conceptual básico o alumno/a debe desentrañar para poder responder ás cuestións que se lle fan. Ao empregar textos gregos coa súa correspondente tradución poden analizar aspectos diversos da morfosintaxe, o léxico e as institucións gregas estudadas na unidade. Por último propoñemos exercicios avanzados de tradución sobre textos gregos normalmente orixinais, a partir dos cales se propoñen tamén exercicios de índole gramatical, léxica e outros que teñen que ver coa análise e crítica do seu contido. Ademais, todos os textos elixidos terán relación directa co tema cultural ou de civilización estudado na unidade, polo que enriquecemos estes contidos con novas perspectivas se non os circunscribimos a un único apartado da unidade.

5. O alumno/a adquirirá os coñecementos a partir de textos diversos que tratan de dar unha visión completa e obxectiva do tema tratado. Os textos serán tamén a vía de acceso á información gramatical, cultural ou ideolóxica que conteñan. Deste modo textos e documentos convertense no referente obrigado ao que o alumno deberá acudir para atopar a información ou os coñecementos que se lle esixen; como os contidos destes textos son moi variados e abarcan perspectivas diversas do tema tratado garantimos nós que a información que lle chega ao alumno/a sexa tamén diversa e enriquecedora.

6. Tamén cremos que se o alumno/a se habitúa a beber directamente das fontes antigas poderá apreciar mellor os valores inherentes a ese mundo, poderá facerse unha imaxe desa realidade sen intromisións ni a interferencias estrañas.

7. Non cabe dúbida de que se habituamos ao alumnado a buscar a información nunha multiplicidade de fontes documentais, das que ten que extraer as ideas fundamentais e logo expoñelas de xeito coherente e ordenado, estámolo iniciando nas técnicas do traballo científico e de investigación que pasados uns anos deberá aplicar nos seus estudos superiores. A inclusión de pequenos traballos de investigación sobre algún aspecto concreto do tema estudado, para os que deberá manexar bibliografía diversa, aínda que sexa co asesoramento do profesor/a, esta no iniciando tamén no xeito de traballo que hoxe se esixe a calquera investigador, sexa do terreo que sexa. O feito de que a maioría destes traballos se fagan en grupo obrigarano a iniciarse tamén nas técnicas do traballo de grupo, nas que cada membro debe asumir a súa propia responsabilidade para levar a bo porto a tarefa iniciada, así como habituarano a discutir puntos de vista diferentes aos seus e a chegar a un consenso necesario para que o traballo poida ser posible.

8. O estudio da materia débese enfocar, na medida do posible, cara á unha desexable interdisciplinabilidade. Os seus contidos son afíns, en primeiro lugar, coa materia de Latín, cousa que o profesor/a —en moitas ocasións o mesmo nas dúas áreas— deberá ter moi en conta para aclarar dúbidas e conceptos dunha con referencias á outra. A programación de

actividades débese facer tendo en conta a súa aplicabilidade en ambas as dúas materias. Por todo isto, son continuas as alusións ao mundo latino, nos temas de civilización, e á lingua latina, nos temas lingüísticos. Pero as coincidencias non se producen só co latín. Sería desexable e recomendable unha estreita colaboración cos profesores/as da área de lingua e literatura castelá —para todo o referido á análise morfosintáctica, comentario de textos ou aclaración de conceptos inherentes aos diversos xéneros literarios—, coa área de xeografía e historia —temas de institucións, formas de organización social e económica e a evolución dos estilos e das formas artísticas—.

9. O coñecemento do mundo grego permitiranos identificar e recoñecer a procedencia grega de moitos dos sinais de identidade da nosa sociedade. A obriga dos alumnos/as a establecer frecuentes comparacións entre o mundo antigo e o actual contribuirá sen dúbida a definir na súa mente as débedas que o home actual ten cos gregos antigos, así como lles permitirá adquirir conciencia máis clara de cales son os sinais de identidade que mellor nos definen como civilización.

10. O estudo e o coñecemento da Grecia antiga debe servir para que entendamos mellor o esforzo de converxencia que as nacións europeas están levando a cabo na actualidade, pois non en balde foi Grecia o berce de iso que chamamos cultura occidental, que supuxo no seu momento unha forma nova de entender ao home, ser racional dotado de dignidade e membro activo dunha comunidade política.

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- a. Libro de texto proposto.
- b. Colección de diapositivas sobre mitoloxía.
- c. Selección de películas: AS troianas Odisea, Troya.
- d. Vídeos didácticos sobre Cultura Clásica da UNED, e outros sobre a orixe dos deuses e o Panteón Olímpico.
- e. Recursos que se atopan na internet: páxinas sobre cultura clásica, o castro de Viladonga, as Medulas, etc.
- f. Xornais.

9. TEMAS TRANSVERSAIS

A materia de Grego propón facer tamén un achegamento á realidade do mundo grego antigo, no cal xurdiron unha serie de valores e principios, os do sistema democrático ateniense, vixentes na época actual, así como situacións conflictivas e de clara inxustiza, coma o réxime escravista ou a situación da muller ateniense, claramente lesivos para o individuo. Por todo isto constitúe un marco ideal para o desenvolvemento dos temas transversais. Neste senso, o reparto destes temas coas unidades en que aparecen é o seguinte:

a) Educación moral e cívica

Grecia foi o berce da democracia e, polo tanto, da participación do cidadán no goberno do Estado, con toda a súa carga de dereitos e deberes. E aínda que é verdade que aquela foi unha democracia directa, non representativa como as actuais, e destinada a unha pequena masa de privilexiados, os cidadáns varóns —con exclusión por tanto das mulleres e dos sectores non cidadáns (metecos e escravos)—, todos recoñecemos no sistema político ateniense a orixe desta forma de goberno que é por definición a dun estado moderno. O proceso, lento e cheo de obstáculos, que culminou co xurdimento deste réxime político abórdase nas unidades 8-10. Nesta última coñecemos o funcionamento das institucións democráticas atenienses, coas cales poderemos comparar o funcionamento das institucións democráticas actuais.

A chegada da época helenística, supuxo para Grecia a crise da polis e a súa incorporación a un sistema de goberno novo, onde a autoridade emana non da asemblea de cidadáns senón dun gobernante alongado e todopoderoso. A partir de aquí o alumno/a poderá coñecer os trazos dun goberno absoluto, onde o cidadán se converte en súbdito, é dicir, privado de dereitos e sometido á vontade dun só individuo.

Os dereitos e deberes do cidadán grego e dos non cidadáns abórdanse na unidade 10, onde tamén haberá ocasión de coñecer a situación dos escravos. Este tema permítenos reflexionar sobre un tema tan candente como a situación dos inmigrantes que tratan de entrar no noso país por calquera medio, sendo sometidos tamén a situacións de explotación. Así mesmo permitíranos recoñecer que a pesar do tempo transcorrido seguen existindo hoxe en día no mundo situacións de escravitude máis ou menos encubertas (o traballo infantil, o dos inmigrantes, a trata de brancas, etc.).

A situación da muller, que se aborda na unidade 10, era claramente discriminatoria no mundo grego, sobre todo en Atenas, da que temos mais noticias. O estudo desta unidade permitíranos reflexionar sobre a situación da muller na nosa época, onde aínda que se preconiza unha igualdade no ámbito legal, na práctica séguense producindo situacións de clara discriminación.

Durante toda a súa historia Grecia esforzouse por definir un ideal educativo do ser humano do que nos tamén somos debedores, pero a educación nunca foi alí igualitaria, non existiu nunca unha verdadeira igualdade de oportunidades nin esta foi unha preocupación prioritaria das diversas polis. Este tema, que se estudia na unidade 10, permitíranos recoñecer os avances rexistrados neste terreo, así como as deficiencias que aínda subsisten.

b) Educación para a paz

O coñecemento da historia grega, unidades 4-7, lévanos a descubrir a importancia e a frecuencia da guerra na sociedade antiga. Foi ésta o medio empregado polas diversas polis gregas para impoñer a súa supremacía e son curiosamente as guerras as que marcan a transición dun período histórico a outro. Na unidade 7 teremos ocasión de coñecer a organización do exército no mundo grego, onde non acostumaba haber exércitos permanentes, senón exércitos cidadáns, substituídos a partir do s. IV a. C. por exércitos mercenarios que a partires de época helenística constituirá o groso dos exércitos dos monarcas gregos orientais. De todas estas unidades poderemos extraer como ensinanza a inutilidade de a guerra como medio para resolver os conflitos humanos, así como poderemos utilizar os para formular cuestións de candente actualidade como a utilidade dos exércitos no noso tempo, a obxección de conciencia, vantaxes, inconvenientes dun exército profesional, etc.

c) Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos e educación sexual

Na unidade 10 estúdiase, como xa se dixo, a situación de discriminación en que se encontraba a muller antiga e a falla de igualdade de oportunidades ante a educación, tanto por motivos económicos como por a tradicional postergación da muller en Grecia. Isto serviranos para reflexionar sobre a suposta igualdade de oportunidades entre sexos no noso tempo.

d) Tratamento das distintas culturas que coexisten no noso país

Na Unidade 8, cando estudiamos a arte grega, propoñemos a realización de guías monumentais sobre os restos arqueolóxicos de orixe grega, e romana, nas distintas Comunidades Autónomas.

Cando estudiamos o léxico grego en toda as unidades podemos adquirir conciencia da importancia da contribución grega na formación das diversas linguas peninsulares.

e) Educación para a saúde, educación do consumidor e educación ambiental

Na unidade 6 coñeceremos os hábitos alimenticios dos gregos; ao estudar os trazos básicos do urbanismo grego, coñeceremos a escasa preocupación dos gregos por elementos tan importantes do urbanismo moderno como os parques e os xardíns; na mesma unidade 6, estudaremos a ciencia grega e descubriremos que foi Hipócrates de Cos (S. V a. C.), o maior médico da antigüidade, o iniciador da observación clínica e o autor do famoso "xuramento hipocrático" sobre ética médica.

f) Os problemas do Terceiro Mundo e o tema da pobreza

Este tema estúdiase na unidade 8-10, cando analizamos a estrutura da sociedade ateniense e o mundo do traballo e aprendemos que a base daquela sociedade era a desigualdade económica e a explotación do máis débil, ao empregar maioritariamente a man

de obra escrava na maior parte dos sectores económicos. Isto, trasladado ao noso tempo, encontra paralelismo na explotación da man de obra infantil e dos inmigrantes que se producen en moitas sociedades supostamente avanzadas, así como no desigual reparto da riqueza a nivel mundial entre países ricos e pobres.

10. ACTIVIDADES LECTURA

Lectura dos libros propostos pola CIUGA

11. COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En abril – maio: Festival de Teatro Greco Latino en Tui segundo programa que nos adoitan remitir en decembro.

Visita á sala de Arqueoloxía do Museo Arqueolóxico de Braga

Viaxe a Roma no mes de Marzo

12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

No caso de que houbera na aula alumnos/as con necesidades educativas especiais, trataríase de adecuar as explicacións e os exercicios a estas necesidades particulares de xeitos diferentes, a saber:

- o Emprego de distintos libros de texto como apoio.
- o Adecuación das tarefas de aula ás necesidades destas persoas.
- o Diferente temporalización na demanda de ditas tarefas.
- o Maior emprego dos medios audiovisuais para facilitar a comprensión dos contidos.
- o Adecuación das probas de avaliación.

De todos os xeitos dado que o número de alumnos/as é moi pequeno a súa atención diaria é personalizada coa corrección individual dos exercicios e a resolución concreta das dúbidas de cada un dos alumnos/as.

